

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personas

Relación provisional de personas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de fruta travesa (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

##### ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000038

Mediante Decreto 710/2023, do 04 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de personas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de profesor/a de conservatorio, especialidade fruta travesa, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación provisional de personas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de profesor/a do conservatorio, especialidade fruta travesa, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Personas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	NIE	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Biveiniene, Jurate	****7707*	Sí	- Non acredita o coñecemento do idioma castelán

##### b) Personas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Fernández Arias, Estrella	***8372**	Sí	- Falta a declaración responsable que establece a base 5.2a) das bases específicas - Presenta a certificación supletoria provisional ao título cunha data superior a un ano dende a súa emisión. Debe presentar o título académico esixido nas bases específicas	- Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados e do coñecemento do idioma castelán, indicados no apartado de “Observacións” e que non se xuntou coa solicitude, da persoa aspirante admitida e da persoa aspirante excluída, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación deberá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás personas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 04 de abril de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/2586